



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000004

RESOLUCIÓN

ASUNTO: XERACIÓN DE CRÉDITO ORZAMENTO 2016

EXPEDIENTE: 2017/G003/000004

ANTECEDENTES:

Visto o informe emitido pola **secretaría** - interventora con relación á ampliación de crédito polo importe que se indica,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Ampliar o crédito da partida 231 correspondente ó orzamento do ano 2016 tendo en conta o importe da xeración efectuada segundo a seguinte táboa:

Partida	Importe	Xustificación
231.227.99	57.734,59 euros	Ingreso nómina SAF 4º trimestre ano 2016

En Boqueixón, venres 3 de febreiro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000005

RESOLUCIÓN

ASUNTO: PROGRAMA "LER CONTA MOITO 2017"

EXPEDIENTE:2017/G003/000005

ANTECEDENTES:

Con data 2 de febreiro de 2017 e rexistro de entrada núm. 2017/169, recibimos notificación da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia pola que se nos comunicaba que o día 4 de febreiro ábrese o prazo para solicitar as actividades de animación á lectura do programa Ler conta moito 2017, dirixido a bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

As bibliotecas públicas deberán realizar as súas propostas de programación sobre a base do Catálogo Ler conta moito 2017 de actividades de animación á lectura, debendo solicitar e programar un mínimo de dúas actividades. A Xunta de Galicia financiará un máximo de 850 € por biblioteca, cantidade que pode minorarse en función do número de solicitudes recibidas.

O período de programación de actividades comprende do 13 de marzo ao 27 de outubro de 2017.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes e de aceptación das bases da convocatoria remata o 15 de febreiro, e que a vindeira Xunta de Goberno non será ata o 16 de febreiro, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Aceptar as bases e o sistema de xestión do citado programa e solicitar a súa participación no mesmo.
- 3.- Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte á porcentaxe da tarifa que lle corresponde ao concello.
- 4.- Solicitar as seguintes actuacións:

Programa	Artista	Espectáculo	Caché total (IVE incluído)	Achega da Secretaría Xeral de Cultura	Achega do concello de Boqueixón
Ler conta moito 2017	M ^a Luisa Irimia Palmeiro (Marisa Irimia)	Contos de marmeleiro, anís e limón	290 €	217,50€ (75%)	72,50€ (25%)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000005

Ler conta moito 2017	Alberto Rodriguez Vazquez (Mago Albert)	O mago Albert ten moito conto	484 €	363,00€ (75%)	121,00 € (25%)
Ler conta moito 2017	Ciencia en ruta (Antonio García Vinuesa)	Obradoiro de sumarinos	230 €	172,50€ (75%)	57,50 € (25%)

5.- Comunicar esta resolución á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

En Boqueixón, mércores 8 de febreiro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000006

RESOLUCIÓN

ASUNTO: REXEITAMENTO DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON MANUEL

EXPEDIENTE:2017/G003/000006

ANTECEDENTES:

Con data 16 de febreiro do 2016, rexistro de entrada 305/2017, a avogada dona Olga Regueiro Darriba, remite o concello reclamación polos danos sufridos por don Manuel o 9 de setembro de 2015 cando circulaba na súa cadeira de rodas polo tramo da estrada denominada O Portal de Ferro; en Boqueixón.

Solicita unha indemnización por responsabilidade patrimonial de 40.260,10 €.

Con data 26 de maio do 2016, rexistro de entrada nº 996, dona Olga Regueiro presenta escrito no cal reitera que debido ao deficiente estado de conservación do camiño, don Manuel caeu da súa cadeira de rodas e considera indemnizable 8 días impositivos a razón de 58,41 €/día, os días non impositivos (15 días) a razón de 31,43 €/día, os 30 puntos de sutura cuxo valor e: 39.218,10 €.

Emitidos os correspondentes informes técnicos e tramitado o correspondente procedemento, con data 23 de novembro do 2016 a instrutora do expediente emite a proposta de resolución rexeitando a solicitude presentada, e con data 24 de novembro do 2016, rexistro de saída 1156, remítese ao Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame.

Con data 22 de decembro do 2016, rexistro de entrada 2807, recíbese o referido ditame do Consello Consultivo que informa favorablemente a proposta de resolución do concello, posto que non se cumpren os requisitos legalmente establecidos para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial do concello.

Con data 2 de xaneiro do 2017 dítese a resolución da alcaldía que sinala: “Rexeitar a solicitude presentada pola letrada don Olga Regueiro Darriba en representación de don Manuel, formulando reclamación por danos sufridos cando circulaba na súa cadeira de rodas no tramo de vía municipal denominado O Portal de Ferro, en Lamas – Boqueixón, por importe total de en 39.218,10 euros, por inexistencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, polo que procede desestimar a reclamación presentada.”

Con data 31 de xaneiro do 2017, rexistro de entrada número 201700000000152, recíbese o recurso de reposición contra a citada resolución da alcaldía.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000006

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O artigo 124.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, establece o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición, de un mes, polo que dentro do prazo procédese coa resolución do recurso de reposición.

2. Alega a avogada que a técnica municipal acude ao lugar da caída dous meses máis tarde desde que o concello era coñecedor da reclamación por responsabilidade patrimonial, que había sido rexistrada o 16 de febreiro do 2016.

A esta alegación, cabe responder que a verdadeira indefensión provocouna o interesado en canto presenta a reclamación o 16 de febreiro do 2016 e o accidente tivo lugar o 9 de setembro do 2015.

Con esta actuación o concello non tivo posibilidade de efectuar a pertinente comprobación "in situ" no momento do accidente.

Si se efectuaron as comprobacións necesarias a partir de ter coñecemento do accidente e nese momento a vía municipal atopábase en perfectas condicións e nos meses anteriores non se efectuaron obras de ningún tipo.

Polo que se deduce que o estado da vía no momento do accidente era o adecuado.

3. Na alegación número 4, di o señor [redacted] que o enxeñeiro de camiños don José Miguel Solas informa o seguinte:

- As cunetas están sen limpar
- O "resalto" é excesivo
- Non existe sinalización
- Non existe mantemento da vía
- Existe unha curva perigosa sen sinalizar

Sen embargo, débese ter en conta así mesmo, o informe de data 21 de xullo do 2016 emitido polo enxeñeiro de camiños, don Pablo Blanco Ferreiro, que indica que non se pode concluír que o sinistro derivara do estado da vía e incluso coa adopción das medidas propostas polo señor Solas tampouco se podería aseverar que este evento ou outros semellantes non volvesen acaecer, ao tratarse dun accidente no que concorren circunstancias especiais e indica claramente o señor Blanco Ferreiro no seu informe os motivos técnicos que desdican o indicado polo señor Solas.

4. En canto á alegación quinta, en primeiro lugar dicir que, neste procedemento é aplicable a Real Decreto 429/1993 ao terse iniciado antes da entrada en vigor da Lei 39/2015, tal como así se establece na disposición transitoria terceira da citada lei 39/2015.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000006

En canto á lesión producida, non se discute que o señor
no informe médico.

as sufrira e de feito consta

A controversia é cómo e por qué se produciron as lesións.

De feito no INFORME do Servizo Galego de Saúde, do 9 de novembro do 2015, indícase que foi por
“caída en su silla eléctrica por una pendiente por fallo de la silla”.

Respecto á renuncia da testemuña non é crible que agora se diga que circulaba pola vía con coche
non habilitado para pasar polo referido camiño veciñal, cando non consta no expediente o tipo de
coche nin existe límite algún para circular pola vía en cuestión, tal e como se sinala no informe do
coordinador de obras e servizos do concello, de data 10 de febreiro do 2017 (o cal se transcribe
literalmente):

“Que a pista municipal número 1453 denominada “O Portal de Ferro” que transcorre entre o cruce da
estrada de Lamas-Vigo e o campo da festa de Lamas, así como, as estradas nº 1503/1250/190 que
acceden á mesma, carecen de sinais verticais de limitación de peso.

5. Respecto a sexta alegación, di o alegante, e con razón que a través da institución da
responsabilidade patrimonial, perséguese a reparación integral no caso de sufrir un dano ou lesión
como consecuencia do normal ou anormal funcionamento dun servizo público, e dicir, que exista un
nexo causal que en ningún caso é presumible, senón que é de obrigada proba por quen o invoca e
que neste caso non acontece, tal como así indica o ditame do Consello Consultivo solicitado para este
procedemento.

Indica, así mesmo, que son varias as sentenzas que sinalan que non é acorde co principio de
responsabilidade patrimonial obxectiva a súa xeneralización, de xeito que para que se produza é
imprescindible a existencia dun nexo causal entre a actuación administrativa e o resultado lesivo.

Nexo causal que debe ser probado por quen o invoca, o cal non se consegue neste caso.

Pola contra, queda demostrado que a vía municipal atopábase e atópase en bo estado de
mantemento, tanto no momento de producirse o accidente como no momento en que se emitiu informe
técnico. E isto é así porque, se na data do informe do 21 de abril do 2016 a vía estaba en perfectas
condicións e o concello non executou ningunha obra de mantemento desde o 9 de novembro do 2015
(data na que se produciu o accidente), é evidente que nesta última data o seu estado de mantemento
era bo.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Rexeitar o recurso de reposición presentado por don Manuel baixo a
dirección técnica da letrada dona Olga Regueiro Darriba, en relación coa reclamación de
responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por unha caída da súa cadeira de rodas, o 9 de
novembro do 2015, cando circulaba polo tramo O Portal de Ferro, en Lamas, Boqueixón.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000006

2. Comunicar esta resolución ó interesado

En Boqueixón, martes 14 de febreiro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000007

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DATA DE PUBLICACION DE BASES E DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A CONTRATACIÓN DE 5 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES

EXPEDIENTE:2017/G003/000007

ANTECEDENTES:

Téndose a probado por Xunta de Goberno de data de 16 de febreiro de 2017 as bases para a contratación de 5 operarios de servizos múltiples e dado que na base terceira das citadas bases di: Por resolución de alcaldía o Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón www.boqueixon.com, e que ademais os/as candidatos/as disporán de 10 días hábiles, contados a partir do mesmo día da publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Proceder á publicación, na páxina web do concello e no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón, das bases de selección para a contratación de 5 operarios de servizos múltiples, o día 17 de febreiro de 2017.

2.- Os/as interesados/as disporán de 10 días hábiles, contados a partir do mesmo día da publicación na páxina www.boqueixon.com, para a presentación de solicitudes no rexistro xeral sito na Casa do Concello de Boqueixón, en horario de 9 a 14:30 horas, de luns a venres. Cando se presenten solicitudes nun rexistro xeral distinto do Concello de Boqueixón, os/as candidatos/as deberán remitir unha copia de dita solicitude ó fax 981 513 000, dentro do prazo máximo previsto de presentación de solicitudes. Polo tanto, os/as interesados/as disporán dende o 17 de febreiro ó 3 de marzo de 2017, ambos inclusive, rematando ás 14.30 horas.

3.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina WEB www.boqueixon.com do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, venres 17 de febreiro de 2017

O Alcalde/Presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000007

Manuel Fernández Munín

8



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
corren@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000008

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SUBMINISTRO DE PAPEL

EXPEDIENTE:2017/G003/000008

ANTECEDENTES:

Primeiro: A Deputación da Coruña, por acordo plenario do día 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ó abeiro do previsto nos artigos 203 e seguintes do Texto refundido da Lei contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro

Segundo: Por acordo do Pleno de data 25/09/2014 o Concello de Boqueixón acordou adherirse á Central de Contratación da Deputación da Coruña e facultou a Jesús Sanjuás Mera para que, en nome e representación desta corporación, formalizase cantos documentos fosen precisos para a efectividade de dito acordo, así como para a adhesión dos distintos acordos marco e contratos que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña sacase a licitación e fosen de interese para este concello.

Terceiro: O convenio de adhesión desta corporación ó sistema de adquisición centralizada da Diputación da Coruña formalizouse con data 17/12/2014 e número de convenio 312/2014.

Cuarto: A Central de Contratación formalizou un acordo marco co obxecto de suministrar de xeito sucesivo e por prezo unitario, papel de reprografía, que é de interese para este concello.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a adhesión individualizada do Concello de Boqueixón ó Acordo Marco, que ten por obxecto o subministro sucesivo e por prezo unitario de papel de reprografía adxudicado pola Deputación Provincial da Coruña a través da Central de Contratación.

En Boqueixón, xoves 23 de febreiro de 2017



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000008

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000009

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN MARCO PRESUPUESTARIO

EXPEDIENTE:2017/G003/000009

ANTECEDENTES:

A Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro do Ministerio de Facenda e Administración Públicas pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establece no artigo 6 a obriga de remitir información sobre os plans orzamentarios a medio prazo, recollidos no artigo 29 da citada lei orgánica 2/2012, nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais e a través dos cales se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e de conformidade coa regra de gasto.

A remisión debe efectuarse por medios electrónicos a través do sistema habilitado polo Ministerio de Facenda.

O prazo para a remisión dos datos finaliza o 15 de marzo e recollerá una previsión dos datos correspondentes ao período 2018-2020, inda que se deben incluír, así mesmo, os datos correspondentes ao orzamento 2017.

Tendo en conta que o referido marco presupostario xa está elaborado , RESOLVO:

1.- Aprobar o seguinte marco presupostario:

Ingresos/Gastos	Ano 2017 (en euros)	% taxa variación 2018/2017	Ano 2018 (en euros)	% taxa variación 2019/2018	Ano 2019 (en euros)	% taxa variación 2019/2018	Ano 2020 (en euros)
Ingresos	3.256.142,44	1,72	3.312.049,72	2,50	3.394.775,96	2,50	3.479.570,36
Correntes	2.648.142,44	2,30	2.709.049,72	2,50	2.776.775,96	2,50	2.846.195,36
Capital	605.000,00	-0,83	600.000,00	2,50	615.000,00	2,50	630.375,00
Financeiros	3.000,00	0,00	3.000,00	0,00	3.000,00	0,00	3.000,00
Gastos	3.256.142,44	1,72	3.312.049,72	2,50	3.394.775,96	2,50	3.479.570,36
Correntes	2.606.872,00	2,30	2.666.830,06	2,50	2.733.500,81	2,50	2.801.838,33
Capital	646.270,44	-0,63	642.219,66	-0,53	638.805,01	-0,40	636.253,32
Financeiros	3.000,00	0,00	3.000,00	649,00	22.470,14	84,59	41.478,71
Saldo operacións no financeiras	0,00		0,00		19.470,14		38.478,71



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000009

Axustes para o cálculo de cap. o neces. Financ. SEC95							
Capacidade ou necesidade de financiamento	0,00		0,00		19.470,14		38.478,71
Débeda viva a 31/12	384.787,03	0,00	384.787,03	-5,06	365.316,89	-10,53	326.838,18
A corto prazo		0,00		0,00	0,00	0,00	0,00
A longo prazo	384.787,03	0,00	384.787,03	-5,06	365.316,89	-10,53	326.838,18
Ratio Débeda viva/Ingresos correntes	0,15	-6,67	0,14	-7,14	0,13	-15,38	0,11

Estimación importes:

	Ano 2017			Taxa variación 2018/2017	Ano 2018			Taxa variación 2019/2018
	Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total		Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total	
Pasivos contingentes								
Avais concedidos								
Préstamos morosos								
Garantías								
Por sent. Ou expropiacións	18.000,00							
Outros								
Total	18.000,00							

	Ano 2019			Taxa variación 2020/2019	Ano 2020		
	Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total		Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total
Pasivos contingentes							
Avais concedidos							
Préstamos morosos							
Garantías							
Por sent. Ou expropiacións							
Outros							
Total							

2.- Remitilo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

En Boqueixón, venres 24 de febreiro de 2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000009

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000010

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CORRECCION ERRO NAS BASES DE CONTRATACION DE 5 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES

EXPEDIENTE:2017/G003/000010

ANTECEDENTES:

Advertidos erros nas bases de contratación de 5 operarios de servizos múltiples aprobadas por Xunta de Goberno con data do 16 de febreiro de 2017 e publicadas na páxina web www.boqueixon.com e no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón con data do 17 de febreiro de 2017, procede facer a seguinte corrección

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Modificar o punto 3 da base primeira da convocatoria, onde di: «3. A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.017,66 euros/mensuais para o ano 2017»; debe dicir: «3. A retribución do salario mensual bruto do traballador será de 1.017,66 euros/mensuais para o ano 2017». Esta corrección non modifica o prazo de presentación de solicitudes.

2 Publicar a presente resolución na páxina WEB e no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón,

En Boqueixón, venres 24 de febreiro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín